

PASPALLÁS

Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural www.sghn.org

N.º 40, xaneiro 2006

2,50 EURO
gratuito socios

As contas da S.G.H.N.

Balance de anelamento

Decálogo ó Conselleiro





As opinións expresadas, (agás a Editorial) non son necesariamente as da súa Xunta Directiva Xeral.

Coordinador

Xosé Lois Rey Muñiz

Colaboradores

Xosé Araujo, Moisés Asensi Cabirta, Silverio Cerradelo, Francisco Docampo Barrueco, Serafín González Prieto, Carmiña Noya Rey, Carlos Rey Rañó, Álvaro Rodríguez Pomares

Foto portada

"*Narcissus triandrus*"
Carlos Rey Rañó

Edita

SGHN

Apdo. de Correos nº 330
15780 Santiago de Compostela

Tfno./Fax 981 584426
sghn@sghn.org
www.sghn.org



Data Publicación 31/01/06
I.S.S.N. 1132-0567
D.L. C 1590/91

Impreso en papel libre de Cloro

¿Que é a **Sociedade Galega de Historia Natural (S.G.H.N.)**? Fundada en 1973, é «unha asociación independente e científica, dedicada ó estudo, divulgación, conservación e defensa da natureza e do medio ambiente, que non téna na súa actuación fins lucrativos» (Art. 5º dos Estatutos).

A **SGHN** é unha asociación legalmente inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co nº 584.918, inscrita no Folio 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente (Xunta de Galicia), e co número AO/C-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas.

¿Onde estamos?

As Mariñas		Apdo. de correos nº 31 15160 Sada	sghn.asmarinhas@wanadoo.es
Ferrol	Méndez Núñez, 11 15401 Ferrol Tfno./Fax. 981 352820	Apdo. de correos nº 356 15480 Ferrol	sghnferrol@terra.es
Ourense	Rúa Jesús Soria, 23-2º 32002 Ourense	Apdo. de correos nº 212 32080 Ourense	sghnourense@hotmail.com
Pontevedra		Apdo. de correos nº 303 36600 Vilagarcía de Arousa	sghnpontevedra@terra.es
Santiago (Sede Central e Delegación)	Rúa da Oliveira, 4-2º 15704 Santiago de Compostela Tfno./Fax 981 584426	Apdo. de Correos nº 330 15780 Santiago de Compostela	Sede Central: sghn@sghn.org
Sección de Entomoloxía		Apdo. de correos nº 303 36600 Vilagarcía de Arousa	
Sección de Ornitoloxía		Apdo. de Correos nº 330 15780 Santiago de Compostela	

Servicios e actividades

Servicio de Biblioteca

Ferrol: De luns a venres de 9:30 a 13:30 horas e de 16:30 a 20:30 horas. Perto de 2.000 volumes e incluída no circuíto de bibliotecas especializadas de Galicia. Servicio de préstamo.

Santiago: De luns a venres de 19:30 a 21:30. Máis de 2.000 volumes especializados sobre natureza galega.

Defensa e Conservación

Participamos en diversas campañas como Clean the World, realizamos alegacións a proxectos que poidan afectar negativamente ó medio ambiente e colaboramos con outras entidades a favor da mellora da xestión dos recursos naturais.

Tamén mantemos a propiedade de terreos na lagoa de Sobrado dos Monxes para condicionar a conservación da zona.

Atlas de Insectos

Ponte en contacto coa Sección de Entomoloxía.

Museo de Historia Natural en Ferrol

O mesmo horario da biblioteca. Para concentrar visitas con grupos ou fora deste horario (só grupos), pódese xestionar nesta Delegación.



Calamar xigante (*Architeuthis dux*) en exposición permanente

Censos de Aves Invernantes

Durante o mes de xaneiro de cada ano. Para participar ou iniciarte, ponte en contacto coa túa delegación.

Atlas de Hérxetos

Ponte en contacto coa Delegación de Pontevedra.

¡COLABORA CONNOSCO!

O labor da SGHN precisa da colaboración dos seus socios e simpatizantes, tanto nos labores administrativos, coma nas actividades. Suxire, propón, aporta as túas inxedanzas na túa Delegación, na túa vila ou en calquera das Seccións existentes. Calquera aportación é benvida.

MEDIO AMBIENTE E ASOCIACIONISMO

¿Sirve para algo a S.G.H.N. e as asociacións medioambientalistas? A día de hoxe, non nos queda dúbida tendo en conta as circunstancias, actuais de degradación ambiental continua, necesidade dun medio natural san, aínda que só sexa para a subsistencia da especie humana e de - Que os criterios de organización social da administración se moven en función das esixencias dos seus cidadáns.

Nestas circunstancias é imprescindible a existencia de asociacións ambientalistas. Nós, a S.G.H.N., dende o naturalismo, unímonos nunha Sociedade co fin de coñecer e investigar a natureza. Para poder levalo adiante debemos traballar tamén na súa protección, para que os suxeitos dese coñecemento non desaparezan.

As asociacións son imprescindibles. As accións, de calquera administración, para emitiren leis sobre a costa, os ríos, a conservación de espazos e especies, etc. non son gratuitas, senón que xurden da esixencia da cidadanía, e canto máis sensible sexa a cidadanía a estes problemas, maior atención recibirán.

Non cabe dúbida de que o mellor xeito de transmitir estas esixencias á administración é a través de sociedades organizadas e independentes, que expoñan argumentos sólidos e fundados (no noso caso, Atlas de vertebrados, Atlas de Insectos, Censos de aves, estudos locais...). É necesario sementar novas ideas e argumentos na sociedade civil, para abrir novas opcións de pensamento e acción. Existen outros vieiros como os recursos xudiciais, que polo de agora escapan a nosa capacidade financeira. A sociedade necesita que se lle dean solucións, pero isto non se resolve dende a simple intencionalidade, é necesario organizarse e aquí entra o asociacionismo.

En Galicia conviven un bo número de asociacións ambientais, variables no seu ámbito xeográfico (locais ou non) e sensibilidade (ecoloxistas, naturalistas, conservacionistas...).

A vantaxe do asociacionismo é evidente, ó optimizar os esforzos e coñecementos; satisfacer as necesidades dos seus compoñentes e canalizar as liñas de acción.

Para a S.G.H.N. son fundamentais varios pasos para que o coñecemento e a sobrevivencia do medio natural sexan unha realidade.

- É necesario incrementar o asociacionismo, como medio formal para requerir un mellor coñecemento e defensa do noso medio natural, canto mellor estea este, redundará na calidade de vida na existencia humana.
- Bó que existan moitas asociacións, aínda que sexan cativas, pero sería aínda mellor que estas vaian fosen integrándose segundo as súas afinidades; conseguirían optimizar os esforzos de organización internos e os gastos, adicando máis ó que é o motivo de existencia das mesmas asociacións.
- A unión fai a forza. Á vontade dos implicados, conviría concentrar en catro ou cinco as asociacións galegas, para dar cabida a tódalas sensibilidades e optimizar os poucos medios que temos, para mellor servizo do medio ambiente.

SUMARIO

Editorial	3
Decálogo ó Conselleiro	4
Revisión dos nomes galegos das aves -IV	12
Insectos: <i>Oxythyrea funesta</i>	17
Explicando as contas	18
Brañas de Sada	20
Balance de anelamento científico 2004	22
Diferenciación das <i>Podarcis</i>	24
Diferenciación das <i>Psammodromus</i>	25
Taboleiro de novas	26
Publicacións	27

O **PASPALLÁS** agradece o envío de orixinais para a súa publicación.

Os textos débense enviar en formato electrónico en Word Perfect ou Word, sen marcadores nen tabulacións ou distintos tamaños de letra.

Como referencia cada páxina leva 400 palabras e unha fotografía/debuxo de resolución mínima 1200x800, preferiblemente en cor e formato jpg.

O galego será o normativo e os nomes científicos respectarán as normas de Nomenclatura, figurando con ano e autor.

PASPALLÁS en cor

Agora o **PASPALLÁS** facémolo en cor. Se o queres recibir en cor, enviámolo por correo electrónico (aproximadamente 1,5 Mb) e tamén o recibirás en papel como sempre. Se queres aforrar papel, indicánolo e só cho enviaremos por correo electrónico.

Decálogo á Consellería de Medio Ambiente

No pasado outono, a Consellería de Medio Ambiente solicitou a varias entidades ambientalistas un decálogo de propostas prioritarias.

A iniciativa da Consellería de Medioambiente celebrouse unha reunión no pasado setembro, na que plantexou ás asociacións convocadas que se lle presentase un decálogo sobor dos ámbitos de actuación da Consellería de Medioambiente que se consideraran prioritarios. Cada Asociación elaborou o seu decálogo e logo foi posto en común e presentado á Consellería.

Existen temas graves como os incendios forestais, a sobrepesca ou a degradación do litoral que non foron incluídos ó non ser competencia desta Consellería.

1. Avaliación de Impacto Ambiental

1.1 Sobre a avaliación ambiental de plans e programas (estratéxica)

Aplicación da Directiva sobre avaliación ambiental estratéxica (2001/42/CE). Dotación dos recursos humanos e materiais específicos necesarios á Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible para a realización dos traballos.

Consideración das organizacións ambientalistas incluídas no rexistro de asociacións protectoras do Medio Ambiente, como público interesado no proceso de consulta que se establece para a redacción do denominado “documento de referencia” que se terá en conta na redacción do informe de sostibilidade ambiental.


1.2 Sobre a avaliación ambiental de proxectos

Aplicación inmediata dunha fase de consultas previas a tódolos proxectos (conforme coa definición establecida no Decreto 442/1990) abranguidos por un procedemento de avaliación ambiental, promovidos pola Administración ou por Organizacións dependentes desta. No prazo dun ano sometemento a fase de consultas previas a tódolos proxectos obxecto de avaliación ambiental.

Coordinación coa Consellería de Innovación e industria para que, previamente á autorización dun permiso de investigación mineiro, se solicite informe da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Cumprimento estrito do Decreto 442/1990 no que se refire a publicación íntegra das Declaracións de Impacto Ambiental no Diario Oficial de Galicia, incluíndo aqueles casos nos que existan modificacións. Publicación na páxina web da Consellería da totalidade das DIAs e DEAs formuladas, así e como das decisións

(e sobre todo da xustificación da decisión) de sometemento ou non dos proxectos susceptibles de ser sometidos a un procedemento de avaliación ambiental conforme co establecido no artigo 1, apartado 2 da LEY 6/2001, de 8 de maio, modificación do Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de xullo, de avaliación de impacto ambiental.



Citación expresa do equipo redactor do EsIA (Director de Estudo e entidade á que pertence) nas Declaracións Ambientais que se formulen.

Citación expresa dos técnicos da Administración asinantes dos informes nas Declaracións Ambientais que se formulen.

1.3 Sobre o seguimento dos proxectos sometidos a avaliación ambiental

Esixencia ós Órganos Substantivos de presentación dun informe semestral de avaliación do grao de cumprimento, detallado para cada proxecto

obxecto de seguimento, das esixencias establecidas nas Declaracións Ambientais formuladas.

Inspección de comprobación, por parte da Consellería de Medio Ambiente respecto do cumprimento das medidas ambientais dun 20% dos proxectos durante a fase de obras e dun 10% en fase de explotación, durante o primeiro ano dende a toma de posesión coa finalidade de rematar o mandato revisando o 100% dos proxectos en fase de obra e o 20% en fase de explotación. Proporcionar semestralmente información pública verbo destas inspeccións.


2. Residuos

O anterior goberno autonómico fixo unha aposta forte pola incineración, con 38.000 millóns de pesetas (o 78.11% do orzamento do PXRUSU 1998-2003) adicadas á construción da incineradora de SOGAMA. Pola contra os investimentos en prevención da xeración de lixo (a 1ª prioridade segundo as estratexias europea, estatal e galega) eran de 371 millóns de pesetas (o 0.75%) para redución e 457 millóns de ptas (0.93% do total) para reutilización; pola súa banda, a compostaxe da materia orgánica (alternativa defendida dende o movemento ecoloxista) non recibiu ningún apoio e incluso os planos municipais alternativos (Morrazo, Barbanza, Coruña) foron sistematicamente torpedeados desde a administración galega.

Os resultados actuais desa aposta, tal e como se reflicte no capítulo XXX do PXRU de Galicia 2004-2010: un incremento do

23,7% na xeración de lixo por persoa en 5 anos; un 80% da poboación galega aportando o seu lixo a SOGAMA, empresa que a pesar de estar a cobrar unha elevada cota ós gobernos municipais acada uns niveis de recuperación de materiais de apenas un 2% do lixo que xestionan, a Consellería de Medio Ambiente convocando axudas para financiar os gastos dos concellos para o transporte de lixo a ecoplantas e uns planos mancomunados con niveis de recuperación material por riba do 75% (caso da Mancomunidade do Barbanza).

O PXRU 2004-2010, lonxe de arranxar estes problemas, supón un intento de consolidar a incineración como xeito de atender a unha cantidade de lixo que a incineradora de Cerceda xa non pode asumir. Para iso dedícanse 15 millóns de euros (o 19.5% do total) para a construción dunha nova incineradora. Este plano propón tamén a compostaxe do 15% da MO en 2010 (o Plan Estatal marca un obxectivo de compostaxe do 50% da MO en 2006), mais adica á compostaxe o 0.34% do orzamento.



No tocante á prevención, existe un obxectivo de redución dun 1% na xeración do lixo ata 2010. Para cumprir este obxectivo o PXRU dedica a grande cantidade de 0,31 /Tm de lixo que pretendem evitar!

O sistema de recollida de residuos perigosos (RP) e voluminosos é bastante deficiente, ó non existir infraestruturas suficientes onde poder depositalos: 38 Puntos Limpos en toda Galiza, dos cales 11 foron construídos polo concello da Coruña e Consorcio das Mariñas (só 1 en toda a provincia de Pontevedra). O uso destes puntos limpos é bastante reducido, ó non existiren campañas de publicidade desas infraestruturas, a súa utilidade e dos problemas dunha disposición non adecuada dos RP.

Con respecto ós residuos de orixe agraria, existe recolla de plásticos de ensilado e está a implantarse un sistema de recolla de envases de fitosanitarios, mais as condicións para a recolla destes envases é que estean totalmente baleiros e limpos. Para os xurros, o Plan Galego de Xestión de Residuos agrarios soamente determina as condicións das balsas para acumulalos e a capacidade dos solos para admitir a aplicación directa dos xurros.

Feito este breve diagnóstico (se cadra incompleto) e considerando que para o movemento ecoloxista un modelo sostible de xestión de lixo precisa dunha aposta decidida pola prevención (redución e reutilización) e a compostaxe da MO, pasamos a sinalar varios puntos que consideramos necesarios realizar

2.1. Reelaboración do PXRU 2004-2010 e dos seus orzamentos

Eliminación dos investimentos para incineración e abandono progresivo ata 2010.

Eliminación da liña de axudas para o transporte do lixo ás empacadoras (180.000)

Establecemento dun obxectivo de compostaxe como mínimo semellante ó estatal (50% da MO en 2006), un 30% do orzamento (23.235.078,3) adicado ó programa de compostaxe.

Investimento de 12.703.349 (16,4% do investimento total) para Redución. Neste apartado incluíriáanse medidas de fomento da redución (educación ambiental, taxas de pago por xeración) e da reutilización de envases (estandarización de envases, fomento dos sistemas de retorno de envases).



Depósito no peirao de Vilagarcía

Investimento do 16% do orzamento total (12.392.041,8) ó Programa de Consolidación e Mellora da Recollida Selectiva. Estes orzamentos servirían para financiar a recollida selectiva de materia orgánica, papel, vidro e resto (envases lixeiras e outros compoñentes do lixo); incluíriáse tamén o establecemento de puntos limpos para a recolla de residuos voluminosos e residuos perigosos en todos os concellos, o

desenvolvemento de programas de educación ambiental para a mellora da recollida selectiva e a implantación de modelos de recollida selectiva porta a porta en varios concellos galegos.

Tendencia á descentralización (a xestión en modelos comarcais é positiva).

2.2 Estudo para a implantación de puntos limpos móbiles para fomentar a recolla selectiva de RP e voluminosos en áreas de poboamento disperso.

2.3 Eliminación da “Liga das Pilas”, polo seu efecto contraproducente. Substitución desa liga por campañas para evitar o uso de pilas.

2.4 Estudiar o sistema SIGFITO, para conseguir que se recolla e xestione de xeito adecuado os envases de fitosanitarios (que deberían ser tratados como residuos perigosos).

2.5 Aínda que no **Plan Galego de Xestión de Residuos Agrarios** aparece citada a compostaxe como posible tratamento para os xurros, non se desenvolveron aínda iniciativas neste eido. Propomos a realización dun Programa Piloto para a compostaxe de xurros xunto con material vexetal procedente da limpeza do mato de áreas con cultivos forestais. Deste xeito poderíanse estabilizar os xurros, eliminar o aporte de N en forma de nitrato ós solos, obter un abono orgánico de alta calidade e obter unha fonte de financiamento para os traballos de mantemento do monte.

3. Deter a destrucción

O Goberno anterior deixou unha herdanza de proxectos en tramitación ou en execución ambientalmente moi impactantes. ADEGA, CEMMA, FEG e SGHN solicitan da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a súa paralización con carácter inmediato, co obxecto de evitar graves danos ó medio ambiente. A Consellería de Medio Ambiente procurará impedir, instando a facelo a outras Consellerías cando non entre no ámbito das súas competencias, todas aquelas obras e proxectos ambientalmente moi agresivos nos que a tramitación e execución foi xa iniciada.



Encoro na Fervenza da Freixa

En particular, sinalamos os seguintes: parques eólicos en zonas de alto valor ecolóxico (Serra do Xistral, Serra do Suído, Costa da Morte,...), piscifactorías de Rinlo (espazo Rede Natura “As Catedrais”) e de cabo Touriñán (Costa da Morte), explotación cinexética intensiva no Bidueiral de Montederramo, canteira da Campa (Serra do Courel), diversos aproveitamentos hidroeléctricos (Landro, Ulla, Deza, Arnego, Lérez, Verdugo-Oitavén, Mando, Xallas, Xallas (afluente do río Tambre), Vilacoba, Pontepedra), pista entre Camella e Traba de Laxe (Costa da Morte), Parador de Muxía (para que non afecte á zona Natura 2000 da Costa da Morte), canlenización do río Valga.

4. Augas de Galiza

O anterior Goberno autonómico inorou a Directiva Marco da Auga e actuou como se non existise, mantendo un Plano Hidrolóxico e un Plano Sectorial Hidroeléctrico de Galicia-Costa profundamente contraditorios co espírito e a letra da Directiva Marco da Auga. Augas de Galicia non pode limitarse só a conceder autorizacións e a contratar obras, ten que pasar a xestionar a auga desde un enfoque moderno que considere a auga como un activo ecosocial e non como un simple recurso, ten que ollar os ríos como ecosistemas e non a penas como canles de auga.



Río Bibei nas Hermidas (O Bolo-Ourense)

A necesaria e desexable aplicación da Directiva Marco da Auga debe implicar un xiro na política da auga. Principios como a xestión da demanda de auga, a mellora da calidade ecolóxica (que vai alén da calidade físico-química das augas), a prevención da deterioración ambiental por aproveitamentos hidroeléctricos e outros factores, o deslinde do dominio público hidráulico e a defensa das ribeiras dos ríos (evitando a súa ocupación ilegal ou a construción de paseos fluviais

“duros”) ou a consideración das ripisilvas como corredores ecolóxicos e filtros de contaminación que cómpre conservar e recuperar deben orientar de agora en diante a actuación de Augas de Galicia.

ADEGA, CEMMA, FEG e SGHN solicitamos que se inicie un proceso de revisión do Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa, seguindo os principios da nova cultura da auga e para o adaptar á Directiva marco da auga. Conlevará a suspensión do Plano Sectorial Hidroeléctrico de Galiza-Costa. Mentres non se complete a revisión destes Planos, aplicarase unha moratoria nos

aproveitamentos hidroeléctricos, suspendendo a súa tramitación e execución.

Tamén solicitamos a revisión do Plano de Saneamento, para que se garanta a depuración dos vertidos urbanos e industriais nos prazos legalmente establecidos pola Directiva sobre depuración de augas residuais. Contemplará a utilización sempre que sexa viable de alternativas de tipo natural, eficaces e de baixo custo e consumo enerxético.

5. Caza e Pesca Fluvial

5.1. Aplicación da Directiva Aves e das sentencias ó respecto do Tribunal Europeo de Luxemburgo.

A) Prohibición da caza en contrapaso (*Scolopax rusticola*, *Gallinago gallinago* e outras especies).

B) Prohibición da caza estival do paspallás (*Coturnix coturnix*) e a rola (*Streptopelia turtur*) por coincidir con período de cría.

C) Catalogación da perdiz charrela (*Perdix perdix hispaniensis*) como especie non cazable.

5.2. Implantación do exame de caza para tódolos cazadores, non só os que obteñan a licenza por primeira vez, e posta en marcha de controis de alcoholemia para os cazadores.

5.3. Inmediata aplicación do artigo 6, paragrafo 1 e 2, do Decreto 21/2005 de 20 de xaneiro sobre caza nos terreos queimados.

5.4. Catalogación do lobo como especie non cazable.

5.5. Consideración do salmón como especie en regresión e non só como unha especie de captura deportiva.

5.6. Control das repoboacións cinexéticas e piscícolas para evitar a introdución de especies alóctonas, ou de especies autóctonas pero sen garantías de adecuación xenética e/ou sanitaria.

6. Biodiversidade e Conservación

6.1. Revisión do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, de xeito que adopte as categorías de ameaza da UICN e defina uns criterios claros de inclusión/exclusión, e elaboración

dos plans de recuperación, uso e xestión de tódalas especies ameazadas (non só as de interese cinexético ou piscícola).

6.2. Aplicación efectiva da Directiva Aves

A) Prohibición da caza en contrapasa, da caza estival por coincidir con período de cría e de especies ameazadas (véxase apartado Caza e pesca continental).
B) Declaración como ZEPAs (Zonas de Especial Protección para as aves) das IBAs (Important Bird Areas) que aínda non o son.

6.3. Adopción de medidas de control e erradicación de especies alóctonas invasoras

A) Aplicación estrita da normativa sobre tenencia e introdución de especies alóctonas, incluídas as mascotas.



Colonización da invasora Oenothera sp nunha duna artificial (Praia de Compostela, Vilagarcía)

B) Emprego de especies autóctonas con certificación de orixe (para evitar a contaminación xenética) nas obras públicas, para evitar casos como o do *Carpobrotus* ou as acacias, especies alóctonas empregadas para contención de terrapléns e hoxe invasoras.

C) Consideración das granxas de visóns como instalacións de risco para a conservación da biodiversidade galega e que, polo tanto, deban ter medidas especiais

de seguridade para evitar os escapes accidentais e as «liberacións» por grupos que practican o terrorismo ambiental.

D) Plans de erradicación a curto prazo para as especies invasoras e/ou perigosas para a biodiversidade autóctona (desprazamento do hábitat, depredación, contaminación xenética, etc), por exemplo *Carpobrotus spp*, *Ludwigia grandiflora*, *Procambarus clarkii*, *Cyprinus carpio*, *Gambusia sp.*, *anátidas exóticas*, *Myopsitta monachus*, *Estrilda astrild*, *Mustela vison*.

6.4. Aplicación efectiva da Directiva Hábitats

A) Non máis aproveitamentos non sustentables (parques eólicos, grandes encoros, estacións de esquí, macrogranxas acuicultura) en espazos incluídos na Rede Natura 2000.

B) Creación de liñas de axuda económica (subvencións, créditos b r a n d o s , desgravacións fiscais na cota autonómica) para o desenvolvemento sustentable nos espazos da Rede Natura 2000.

C) Revisión dos límites dos espazos incluídos na Rede Natura 2000 e proposta de novos espazos.

D) Revisión do Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria na costa galega e paralización cautelara das obras en marcha. A actual tecnoloxía permite o transporte da auga mariña por bombeo a instalacións afastadas da costa, permitindo as citadas instalacións coa conservación da costa e a súa paisaxe.

6.5. Aplicación efectiva do Plan Estratégico Español para la Conservación y el Uso Racional de los Humedales

Incremento da superficie recuperada da Lagoa de Cospeito, recuperación parcial da Lagoa de Antela e outros humedais limiaos, conservación de humedais ameazados (brañas de Sada, pozo de Maside, lagoas de Trevinca e o Macizo Central, veigas de Vilar de Barrio, Golpellás e Tosende, etc.). Ampliación de oficio do reducido listado galego de humedais protexidos e promulgación dunha normativa que ampare a conservación e uso sustentable dos humedais inventariados.

6.6. Formación e establecemento de criterios para a limpeza da costa nas barreiras dunares

O uso indiscriminado de maquinaria pesada, arrinca a vexetación das dunas, altamente especializada e que ademais funciona como estabilizadora das cadeas dunares e dos ciclos de aporte e retraimento da area entre estacións. Afastamento dos paseos marítimos das formacións dunares que alimentan as praias. Cese do apoio ó investimento (Costas do Estado) no recheo de praias extintas como Silgar (Sanxenxo) ou Compostela (Vilagarcía).

6.7. Medidas contra a fragmentación excesiva dos hábitats e o efecto barreira

A) Instalación de pasos funcionais para a fauna terrestre en tódolos novos proxectos de infraestruturas viarias e, progresivamente, nos puntos negros de mortandade de fauna por atropelos nas infraestruturas xa existentes; potenciación de viadutos e túneles.

B) Cubrición de tódalas canles de derivación abertas dos aproveitamentos hidroeléctricos existentes (risco para as persoas e trampa mortal de acción permanente para a fauna).

7. Participación: A dimensión ambiental da rexeneración democrática

A participación nos asuntos públicos con incidencia no ambiente, a democracia ambiental, é un requisito necesario para resolver os problemas ambientais e aproximarnos ó desenvolvemento sostible, e vai alén dos procesos de consulta pública para a presentación de alegacións. Trátase tamén dunha crecente demanda social, respaldada hoxe polo Convenio de Aarhus sobre acceso á información, á participación pública na toma de decisións e ó acceso á xustiza en asuntos ambientais, a implementación no noso país se debe implicar a fondo a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. A rexeneración ambiental coa que se comprometeu o novo Goberno da Xunta debe ter tamén a súa dimensión ambiental.

ADEGA, CEMMA, FEG e SGHN reclamamos a reforma inmediata do Consello Galego de Medio Ambiente (COGAMA) para o converter nun órgano de participación social representativo, plural e influínte. Como referentes para a reforma, propomos que se tomen en consideración a reforma do Consello Asesor de Medio Ambiente estatal feita pola actual ministra de Medio Ambiente e a proposta de reforma do COGAMA presentada ó daquela

conselleiro de Medio Ambiente Carlos del Álamo polos representantes naquel momento no COGAMA de organizacións ambientalistas (ADEGA, FEG, SGHN) e sindicais (CCOO, CIG, UGT) (xúntase a proposta). Entendemos que esta reforma encaixa na medida “reforzamento da autonomía e dos medios dos órganos consultivos e de control”, contida no apartado sobre rexeneración democrática e poderes públicos do “Acordo sobre bases programáticas para a acción do Goberno” asinado por PSdeG-PSOE e BNG.

A reforma do COGAMA débese estender a outros órganos consultivos adscritos á Consellería se esta os quere converter en verdadeiras ferramentas de

Disponibilidade, dende a páxina web da Consellería, da lexislación de aplicación ambiental, EIAs, PORNs, Dictames, etc. para consulta da cidadanía

participación social: Xunta de Goberno de Augas de Galicia, Comités de Caza e de Pesca Fluvial, Xuntas Consultivas dos Parques Naturais, Observatorio Galego de Educación Ambiental (OGEA), para que se convirta nunha ferramenta eficaz de control e avaliación da situación da Educación Ambiental en Galiza.

8. Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible:


A sustentabilidade como eixo da acción do goberno.

ADEGA, CEMMA, FEG

e SGHN demandamos o inicio do proceso para a elaboración dunha Estratexia ou Plano Galego de Desenvolvemento Sostible que defina medidas, prazos e obxectivos para tódolos sectores económicos. Aínda que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, por estar incluída nela a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, xoga un papel fundamental no impulso desta Estratexia, trátase dun documento na que a elaboración e aplicación se ten que comprometer o conxunto do Goberno autonómico.

A política ambiental e de promoción do desenvolvemento sostible debe ser “horizontal” e integrada no conxunto das actuacións da Xunta de Galicia: urbanismo e ordeación do territorio, enerxía, infraestruturas, concentracións parcelarias, intercambio de información entre os diversos servizos con funcións inspectoras (urbanismo, axentes forestais, calidade ambiental,...).

Co obxectivo de elaborar e actualizar periodicamente un sistema completo de indicadores ambientais, un elemento esencial para a toma de decisións políticas



e a participación social, propomos a creación dun Observatorio Galego da Sostibilidade. A fórmula para a súa constitución debe garantir a súa independencia e a súa solvencia técnica.

Unha das ferramentas necesarias para avanzar cara a sustentabilidade é a educación ambiental. Para enfrontarmos o enorme desafío que representa a sustentabilidade é preciso, entre outras cousas, un esforzo intenso e permanente de educación ambiental, non só dos nenos e nenas, senón de toda a sociedade. Cómpre un forte impulso da Consellería de Medio Ambiente nesta área. Pedimos a revisión (actualización) e aplicación da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA). Neste senso, é urxente facer unhas xornadas de EA nas que se reflita a situación da EA nestes momentos, a piques de concluír a aplicación da EGEA (1999-2005) e se reflexione sobre o futuro desta.

Para servir de exemplo ao resto da Xunta e das Administracións públicas e á sociedade civil, propomos a implementación dun programa de ambientalización de tódolos edificios e equipamentos dependentes da Consellería de Medio Ambiente (ecoauditorías, aforro de auga e de enerxía, introdución de enerxías renovables, utilización de produtos ecolóxicos, instalación de caixas-niño deseñadas para anduriñas, vencillos e morcegos no edificio sede da Consellería, eliminación dos carpíns dourados do estanque na entrada da sede central da Consellería,...), así como a contratación pública con criterios ambientais e sociais.

9. Axenda 21 Local

O grao de implantación da A21L en Galicia é baixo. A maioría dos procesos atópanse nunha etapa inicial e están dando os primeiros pasos con lentitude. Algúns procesos non deberían denominarse “Axendas 21 Locais”,



xa que non pasan de ser programas de actividades puntuais, nos que a participación é escasísima ou nula.

Estanse utilizando case en exclusiva metodoloxías elaboradas para unha aplicación en ámbitos urbanos, “viciadas” a priori cara a unha visión urbana. A utilización destes modelos en contextos rurais (ou mixtos) dificulta enormemente unha posta en marcha efectiva das A21L.

É necesario formular novos esquemas de traballo, deseñados para seren implantados en ámbitos xeográficos / sociais específicos de moitos dos nosos concellos.

A realización de A21L no ámbito territorial das mancomunidades de municipios ten provocado, en xeral, máis prexuízos que beneficios. Aínda que teoricamente os concellos abordan un proxecto común, de cotío móstranse moi desligados e maniféstanse numerosas dificultades: falta de cohesión,

intereses moi diversos, ritmos moi diferentes...

A formación dos representantes políticos, e da poboación en xeral, en temas socioambientais é moi deficitaria. A isto súmase a falta de cultura da sociedade en xeral, e o pouco interese dos concellos a que estes procesos sexan participación da cidadanía. Isto dificulta notablemente a análise rigorosa da situación socioambiental e reduce a aportación de propostas serias e viables para mellorar a situación.

É fundamental que as administracións públicas invistan en programas formativos relacionados coas principais cuestións ambientais (dirixidos especificamente a decisores, a técnicos das entidades locais, a representantes dos colectivos, á poboación en xeral). Outro aspecto a ter en conta é que o interese polas cuestións socioambientais é baixo entre a poboación.

As partidas orzamentarias destinadas á implantación das A21L son moi insuficientes. É necesario maior apoio de institucións como a Xunta ou conseguir o compromiso das Deputacións e maior compromiso dos Concellos, para dispor dos recursos económicos e humanos que se necesitan. Os prazos deben aumentarse pois vense claramente insuficientes. As axudas deben favorecer aqueles concellos con interese no establecemento das A21L, primándoos sobre as Mancomunidades ou outros procesos colectivos.

O persoal técnico das administracións destinado a promover estes proxectos é

claramente insuficiente, tanto a nivel autonómico como municipal. Nun momento inicial de desenvolvemento das A21L en Galicia é necesario contar cun mínimo de recursos, co fin de que estes programas nazan con forza e poidan ir estendéndose á totalidade dos concellos. As administracións deben facer un esforzo na contratación de novo persoal técnico debidamente cualificado. Por exemplo, na Consellería de Medio Ambiente só dous técnicos, e non a tempo completo, traballan na promoción da A21L.

Unha boa parte dos representantes políticos da Administración local non cren nos supostos formulados nas A21L: O seu principal interese é obter “etiqueta de calidade”. Moitos considéranas un trámite necesario para incrementar as posibilidades de obtención de axudas procedentes de fondos europeos. A A21L é supeditada a outras iniciativas do Concello, como o Plano Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Se se concibe ben pode ser unha vantaxe, se se fai de xeito inadecuado, pode xerar un novo problema (marxinando os obxectivos propios da A21L). O ideal sería desenvolver programas de participación previa e paralelamente á elaboración dos PXOM, sempre tendo en conta as informacións e conclusións obtidas nas auditorías ambientais. Outros problemas percibidos son o funcionamento da participación social ou á hora de aplicación. Elaborar formas de control dos procesos de Axenda 21 Local e de arbitraje para a resolución destes problemas.

É fundamental que se poñan

en marcha pautas de traballo transversal entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia, en relación a proxectos de sostibilidade, e instrumentos que permitan garantir a necesaria coordinación. Así, poderanse conectar aspectos comúns aplicados na actualidade a través de liñas de traballo diferentes (como



Miradoiro construído sobre un castro arrasado con maquinaria pesada e financiado con cartos públicos. Meaño (pontevedra)

por exemplo as A21L e os estudos de sostibilidade, requisito imprescindible para os Plans Xerais de Ordenamento Municipal).

10. Vixiancia e cumprimento da lexislación

De pouco servirá este «decálogo» se non cambia a mentalidade e o funcionamento dos organismos e entes públicos dependentes da Consellería de Medio Ambiente e doutras Consellerías con incidencia no medio natural (Industria, Obras Públicas,...). Neste senso, a política ambiental debера ser «horizontal», integrada e coordinada no conxunto das actuacións da Xunta de Galicia: urbanismo e ordenación do territorio, enerxía, infraestruturas, concentracións

parcelarias, intercambio de información entre os diversos servizos con funcións inspectoras (urbanismo, axentes forestais, calidade ambiental,...).

10.1. Que a Consellería cumpra e faga cumprir a lexislación ambiental galega, española e europea, para o cal será precisa unha eficaz inspección

preventiva, como base dos ditames ambientais sobre as actuacións irregulares e a aplicación do réxime sancionador correspondente. É, por tanto, imprescindible e urxente o incremento dos medios humanos e técnicos da CMA para o

desenvolvemento eficaz das súas competencias.

10.2. Que a Consellería audite a situación dos entes e organismos que dependen dela, así como os proxectos aprobados pola Xunta saínte dende a celebración das eleccións.

10.3. Que, de xeito inmediato, a Consellería impida a utilización de fondos públicos para degradar e/ou destruír o medio natural, a xea, a flora e a fauna, non só nos espazos salientables ou de interese (ben desasistidos, por certo).

ADEGA, CEMMA, FEG e SGHN

REVISIÓN DOS NOMES GALEGOS DAS AVES - IV

Neste artigo continuamos a serie encetada en anteriores **PASPALLÁS** sobre a denominación das aves que habitan en Galicia, analizando as Familias Sulidae, Phalacrocoracidae e Pelicanidae

Familia Sulidae

MASCATO *Morus bassanus*

Mascato foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia, e así mesmo en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (23, 25 e 27). Utilizouse ou recolleuse nas dúas guías de aves de C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño e outras moitas publicacións ornitolóxicas (1, 2, 4, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18 e 26; nalgunhas, **mascato común**). Na bibliografía ornitolóxica, o nome portugués é **alcatraz** e **ganso-patola** (2, 4, 5, 9, 26, 35 e 36).

M. C. Ríos Panisse rexistrou as seguintes voces vivas no galego falado para se referir a *Morus bassanus*: **mascato**, en Bares, San Cibrao, Cambados, Vilanova de Arousa, Escarabote, Sada, Muxía, Camariñas, Caión, Mera, Pontedeume, Mogor, Ézaro, Cangas, Cesantes, Noia, Sardiñeiro, Lira, Abelleira, Rianxo, Carril, Portosín, Mugaridos, Muros, Bueu, Bouzas, Panxón, Ribeira, O Grove, Cedeira, Cariño, Espasante, Bares, Aguiño, Viveiro, Laxe, Portonovo, Ares, Miño e Rinlo; **masgato** (escrito con “j” para marcar a gheada), en Malpica e Corme; e **mazcato**, en Foz, Burela, As Figueiras e Ribadeo (22). F. Bernis Madrazo tamén recolleu para esta especie a denominación galega de **mascato** (26). Así mesmo, F.

Fernández Rei rexistrou **mascato** no galego de Cariño; M. Felpeto Lagoa, no galego de Ares; M. C. Alonso Pérez, no galego de Escarabote; M. C. Enríquez Salido, no galego do Grove; A. Pérez Cid, no galego de Marín (30). Os pescadores portugueses empregan tamén a voz **mascato** para se referir ós individuos novos desta especie, e nalgúns lugares tamén ós adultos (35).



No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, aparece a entrada **mascato** definida nunha das súas acepcións como ave mariña case o dobre de grande que a gaviota.

No *Diccionario de usos castelán-galego* de X. M. Freixedo Tabarés e F. Álvarez Carracedo (1984), da editorial Akal, aparece a voz castelá **alcatraz** identificada coa galega **alcatraz**; na entrada castelá **gaviota** inclúe a voz **mascato** para denominar unha ave semellante á gaviota, pero moito maior.

O *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da

editorial Sotelo Blanco, trae a voz **mascato** para se referir a esta especie e inclúe o sinónimo **alcatraz** (aínda que na entrada **alcatraz** identifica esta especie co nome científico doutra ave mariña, *Fregata magnificens*).

No *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega* (2000), de varios autores, aparece a entrada **mascato** (como galega e estándar) para se referir a esta especie e tamén

mazcato (como galega e non estándar) remitindo a **mascato**.

Desde o punto de vista semántico, M. C. Ríos Panisse explica que non coñece de certo a orixe do nome “**mascato**”, mais en catalán a mesma ave recibe o nome de *maskarell*, que tal vez estea relacionado con máscara, por un antifaz negro que ten a especie, e que ademais parece que provén do termo vasco *maskaro*, que nunha das súas acepcións quere dicir “que ten pintas perto do ollo” (22). Sobre a etimoloxía de “**alcatraz**”, uns autores opinan que xurdiu de “albatros” e outros que a voz

“albatros” xurdiu de “alcatraz” (ambas as dúas voces designan aves mariñas planadoras; véxase *Diomedea melanophis*); o que si que parece claro é que os dous nomes están relacionados na súa orixe. J. Corominas opina que “alcatraz” vén probablemente do árabe *gattas* (ou *al gattas*) especie de aguiá mariña; no s. XVI está documentado o inglés *alcatross* e no



s. XVIII o francés *alcatroz*; o cambio do “g” polo “c” podería explicarse por etimoloxía popular, coa asociación entre a ave e un *arcaduz*, en galego e portugués “alcatruz”, polo costume de sacar auga no seu papo, e da asociación con alcatruz modificaríase e saería o actual “alcatraz”.

No tocante á literatura, o *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande inclúe os ditos populares: “Pola Santa Lucía, **mascatos** na badía” e “Se ves **mascatos** voar, busca a sardiña no mar”. Na guía das aves de Galicia da editorial Galaxia, recóllense uns versos de Carlos Pedreira López, onde menciona o **mascato**: “Vexo lonxe a miña dorna, / coma un **mascato** no mar, / ás veces semella que voa, / outras, que quere afondar” (1).

F a m i l i a Phalacrocoracidae

CORVO MARIÑO GRANDE

Phalacrocorax carbo

Corvo mariño real foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia (23). Utilizouse nas dúas guías de

aves destes autores e en *v a r i a s* publicacións ornitolóxicas *g a l e g a s*, *m e s m o* recentes (1, 4, 5, 11, 12 e 17); tamén se recolleu *n o u t r a s* publicacións (2 e 10).

Corvo mariño grande foi o nome proposto en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (25 e 27). Tense empregado en publicacións ornitolóxicas recentes (13, 14, 15 e 16); tamén se recolleu noutras publicacións (7, 9 e 18). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **corvo-marinho** e **corvo-marinho-de-faces-brancas** (2, 4, 9, 35 e 36).

M. C. Ríos Panisse rexistrou voces vivas no galego falado e recolleu referencias bibliográficas referidas especificamente a *Phalacrocorax carbo*: **alavanco**, en Noia, Aguiño e Portosín; **lavanco**, en Muxía, Portonovo, Corme e As Figueiras; **pato de mar**, en Noia; **bambiñeira**, en Muxía; **canilla**, en Cesantes; **corvo marino**, en Portosín; **corvo mariño**

(referencia doutros autores), e **gouma** (escrito con “j” para marcar a gheada), en Muxía, Camariñas, Laxe e Corme (22). Ademais, M. C. Ríos Panisse recolle outras referencias cos nomes de **casilla** (indica que tal vez se trate dun erro no canto de canilla), **mobella** (escrito con “v”), **patoula** e o castelanismo *sellada* (en correcto galego, **selada**), que, aínda sen se referir a unha especie concreta, posiblemente, segundo o criterio da autora, fagan referencia a *Phalacrocorax carbo* (22). Por outra banda, no que respecta a nomes xenéricos, X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López recollen **galo mariño**, **bogueta**, **bucearoque**, **carolo**, **coca** e **perico zambullo** (1). M. C. Alonso Pérez rexistrou a voz **corvo** en Escarabote e M. J. Morandeira Lores en Laxe referida a estas especies mariñas (30). F. Bernis Madrazo rexistrou os nomes xenéricos de **carolo**, na provincia de Pontevedra, e **pata**, en Viveiro, para se referir a *Phalacrocorax*; ademais cita a Ríos Naceyro (1850), que recolle **corvo mariño**, e L. Iglesias (1927 e 1954), que recolle **carolo** (26).

No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, aparece dentro da entrada corvo o sitem **corvo mariño**, que define de maneira imprecisa.

No *Diccionario de usos castelán-galego* de X. M. Freixedo Tabarés e F. Álvarez Carracedo (1984), da editorial Akal, aparece a voz castelá *mergo* identificada coas galegas **mergo**, **corvo mariño**, e *cuervo marino* identificado con **patoula**, **carolo**, **arau** e **boto** (aínda que as dúas últimas, e probablemente tamén **carolo**, están mal

identificadas, pois corresponden a aves mariñas da familia dos álcidos).

O *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, inclúe as entradas: **corvo**, que nunha das acepcións define xenericamente como “ave mariña, máis grande que a gaivota, de plumaxe e bico pretos, indicadora da presenza da sardiña” e que identifica co sinónimo **canilonga**; **grallo**, que nunha das acepcións identifica con *P. carbo* e *P. aristotelis*; **sellada** (que é un castelanismo, en correcto galego é **selada**), que nunha das acepcións define como ave mariña similar á **canilonga**, cunha mancha por debaixo dunha das ás; **mergo**, nunha acepción referida a **corvo mariño** e noutra a ave palmípede que ten a cabeza parda (que ben podería estar facendo referencia as especies do xénero *Mergus*); **alavanco**, que nunha das acepcións identifica con aves mariñas máis coñecidas por **corvo** ou **corvo-mariño**, o *P. aristotelis*, ou **corvo-mariño** ou **lavanco**, o *P. carbo*; **lavanco**, co que identifica os dous, *P. carbo*, onde especifica que é máis coñecido por **corvo**, e *P. aristotelis*, onde especifica que tamén se lle chama **alavanco**. (Lavanco e alavanco son dúas denominacións utilizadas tamén para unha especie de pato silvestre común, *Anas platyrhynchos*, e así tamén está recollido neste dicionario.)

No *Gran Diccionario Xerais da Lingua Galega* (2000), de varios autores, aparecen as entradas **patouta** (como voz galega non estándar) que remite a **corvo mariño**; **canilonga** (como galega e estándar), que identifica con *Phalacrocorax carbo* e coas

denominacións **corvo mariño real** e **sellada** (que é un castelanismo); **sellada** (como galega e estándar, malia ser un castelanismo; en correcto galego sería **selada**), que define e identifica con *Phalacrocorax carbo*. Por outra banda, rexeita a voz xenérica *cormorán* (remite a **corvo mariño**).

Desde o punto de vista semántico, M. C. Ríos Panisse explica que as denominacións “**alavanco**”, “**pato de mar**” ou “**patoula**” se deberán a confusións ou a aplicacións incorrectas dos nomes, pois se lle está a chamar a esta especie con nomes de pato, cos que pode ter certo parecido, mais non ten nada que ver con eles; a denominación “**bambieira**” seguramente estea relacionada con bambear, facer ostentación, tal vez polos movementos do pescozo da ave, que parecen presuntuosos; a denominación “**canilla**” está relacionada con cana (o mesmo que canilonga en *Phalacrocorax aristotelis*), seguramente polo seu longo pescozo, que semella unha cana; as denominacións relativas a “**corvo**” fan referencia á súa cor negra que pode lembrarnos un corvo continental; a denominación “**gouma**” estará relacionada coa palabra *gomia* castelá, que fai referencia a un monstro popular (do latín *gumia*, comellón); a denominación “**mobella**” é por aplicación incorrecta do nome doutras aves mariñas (do xénero *Gavia*) coas que ten certo parecido; e a denominación “**sellada**” (en correcto galego, “**selada**”), que quere dicir “marcada con selo”, fai referencia as pequenas manchas brancas que ten nas faces e nas coxas, que o distinguen da outra especie, *Phalacrocorax aristotelis*, que

é completamente negra (22). “**Real**” é un cualificativo engadido ó nome xenérico de moitas aves para as identificar como especies, que ás veces ten relación con certa beleza ou vistosidade na forma ou nas cores, ás veces con certa maxestosidade no aspecto. En *P. aristotelis*, a especie que vén a seguir, achéganse explicacións semánticas sobre algunhas denominacións tamén aplicadas a *P. carbo*.

En canto ó emprego dalgún destes termos na literatura, véxase *Phalacrocorax aristotelis*.

CORVO MARIÑO CRISTADO

Phalacrocorax aristotelis

Corvo mariño cristado foi o nome proposto por C. Pedreira López e X. M. Penas Patiño en 1977-1978, na lista patrón de aves de Galicia, e así mesmo en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (23, 25 e 27). Utilizouse nas dúas guías de aves de X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López, no Atlas de Vertebrados de Galicia e recolleuse ou utilizouse tamén noutras moitas publicacións ornitolóxicas (1, 2, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17 e 18). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **galheta** e **corvo-marinho-de-crista** (2, 4, 9, 35 e 36).

M. C. Ríos Panisse rexistrou voces vivas no galego falado e recolleu varias referencias que designan especificamente a *Phalacrocorax aristotelis*: **alavanco**, en Portosín e Aguiño; **canilonca**, en Mogor; **canilonga** (escrito con “j” para marcar a gheada), na Guardia; **coca**, en Mugaros, Cariño, Bares, Espasante e Ares; **corva**, en Abelleira; **corvaraxo**, en Rinlo;

corvo, en Panxón, Cangas, Laxe, Vilanova de Arousa, Carril, Ézaro, Malpica, Ribeira e Caminha; **corvo de mar**, en Malpica; *corvo de pescozo largo* (en correcto galego, **corvo de pescozo longo**), escrito con “s” e “j” para indicar o seseo e a gheada, en Cangas; **corvo do mar**, en Escarabote, Aguño, Panxón e Cesantes; **corvo do mare**, en Malpica; *corvo marino*, no Grove, Laxe, Muxía, Corme, Mera, Cambados, Ares, Portosín, Noia e Rianxo; **corvo mariño**, en Camariñas, Caión, Sardiñeiro, Bueu (e referenciado por outros autores); o castelanismo *cuerva*, en Sada e Miño; **chíscala**, en Cedeira; **galo mariño**, escrito con “j” para marcar a gheada, en Bueu; **pata**, en Foz, Muros, Viveiro, Burela e Lira; **patarroxa**, en Cesantes; **patamaría**, nas Figueiras e Ribadeo; **patamariña**, en San Cibrao; **pato**, en Ares; **perico zambullo**, en Pontedeume, e **sichapata**, en Lira (22). Ademais, M. C. Ríos Panisse recolle outras referencias cos nomes de **canilonga**, **corvo**, **corvo do mar**, **corvo mareiro**, **corvo mariñeiro**, **corvo mariño**, **lavanco** e **mergo**, que, aínda sen estar referidos a unha especie concreta, posiblemente, segundo o criterio do autor, fagan referencia a *Phalacrocorax aristotelis* (22). F. Fernández Rei rexistrou a voz **coca** en Cariño e M. Felpeto Lagoa en Ares para se referir a esta especie (30). Por outra banda, no que respecta aos nomes xenéricos, X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López recollen **galo mariño**, **bogueta**, **bucearoque**, **carolo**, **coca** e **perico zambullo**

(1). F. Bernis Madrazo rexistrou os nomes xenéricos de **carolo**, na provincia de Pontevedra, e **pata**, en Viveiro; ademais cita a Ríos Naceyro (1850), que recolle **corvo mariño**, e L. Iglesias (1927 e 1954), que recolle **carolo** (26). M. C. Alonso Pérez rexistrou **corvo** en Escarabote e M. J. Morandeira Lores en Laxe referido a *Phalacrocorax* (30). F. Fernández Rei rexistrou o castelanismo *cormorán* en Cariño e M. J. Pérez Alonso en Goián (30).

No *Diccionario galego-castelán* de X. L. Franco Grande (1968), da editorial Galaxia, e no *Diccionario de usos castelán-galego* de X. M. Freixedo Tabarés e F. Álvarez Carracedo

non ten sítim propio) e especificamente con *Phalacrocorax aristotelis*; **alavanco**, que nunha das acepcións identifica con aves mariñas mais coñecidas por **corvo** ou **corvo-mariño**, o *P. aristotelis*, ou **corvo-mariño** ou **lavanco**, o *P. carbo*; e tamén a entrada **lavanco**, co que identifica os dous, *P. carbo*, onde especifica que é máis coñecido por **corvo**, e *P. aristotelis*, onde especifica que tamén se lle chama **alavanco**. (Lavanco e alavanco son dúas denominacións utilizadas para unha especie de pato silvestre común, *Anas platyrhynchos* e así tamén está recollido neste dicionario.)

O *Gran Diccionario Xerais da Língua*



(1984), da editorial Akal, aparecen as denominacións apuntadas en *Phalacrocorax carbo*.

No *Diccionario da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, aparecen as entradas xenéricas apuntadas en *Phalacrocorax carbo* e ademais **canilonga**, que define e identifica co sinónimo **corvo mariño** (que

Galega (2000), de varios autores, recolle as voces xenéricas xa apuntadas en *Phalacrocorax carbo*, e ademais a voz **carolo** (como galega e estándar) para se referir especificamente a *Phalacrocorax aristotelis* (aínda que esta voz é atribuída por moitos autores a outra ave mariña, *Alca torda*). Por outra banda, rexecta a voz xenérica

cormorán (remite a **corvo mariño**). En relación coa semántica, M. C. Ríos Panisse explica que as denominacións “**alavanco**”, “**pato**”, “**pata**”, “**pata mariña**” ou similares se deberán a confusións ou a aplicacións incorrectas dos nomes, pois se lle está a chamar a esta especie con nomes de pato, co que pode ter certo parecido; a denominación “**canilonga**” está relacionada con cana, seguramente polo seu longo pescozo que semella unha cana; “**coca**” é unha figura lendaria con forma de cobra, e seguramente ten este nome porque o seu pescozo longo fai pensar neses réptiles; as denominacións relativas a “**corvo**” fan referencia á súa cor negra e lustrosa que pode lembrar un corvo continental; a denominación “**chíscala**” é de orixe onomatopeica, relacionado con chiscar, polo ruído que fai a ave ó se mergullar na auga para pescar; a denominación “**mergo**” é por aplicación do nome máis propio doutras aves acuáticas tamén mergulladoras (xénero *Mergus*) coas que ten certo parecido; a denominación “**galo mariño**” está relacionada co moño ou crista que ten caracteristicamente a ave na época reproductora; “**perico zambullo**” é unha denominación retranqueira, referida á súa mobilidade, que fai lembrar un perico, un carneiro, e “**zambullo**” está relacionado cos seus hábitos mergulladores (22). (Tal vez “**zambullo**” estea relacionado co

seu significado galego, toco, manco, que lle falta un brazo; realmente á ave non lle falta nada, ten as dúas ás e as dúas patas, pero dá a impresión, ao camiñar, coma se lle faltase. Entón “**perico zambullo**” non se consideraría un castelanismo, senón unha denominación galega moi enxebre.)



X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López citan a Ramón Cabanillas, que nos seus versos menciona o **corvo mariño**: “Da Illa a San Saturniño, / pasa esguío, silencioso, / retinto **corvo mariño**.” (1).

Familia Pelecanidae

PELICANO BRANCO

Pelecanus onocrotalus

Pelicano branco foi o nome proposto en 1991 e 1999 nos traballos de M. A. Conde Teira e T. A. Vidal Figueroa (25 e 27). Utilizouse na segunda guía de aves de X. M. Penas Patiño e C. Pedreira López e recolleuse ou utilizouse tamén noutras publicacións

ornitolóxicas (5, 9, 14 e 18; nalgunha acentuado no “i”). Na bibliografía ornitolóxica, os nomes portugueses son **pelicano-branco** e **pelicano-vulgar** (2 e 35).

É unha especie de presenza accidental en Galicia e non se lle coñecen denominacións populares, agás a xenérica.

No *Diccionario de usos castelán-galego* de X. M. Freixedo Tabarés e F. Álvarez Carracedo (1984), da editorial Akal, aparece a voz castelá *pelicano* identificada coa galega **pelicano**.

No *Dicionário da língua galega* de I. Alonso Estravís (1995), da editorial Sotelo Blanco, aparece **pelicano**, nunha das acepcións referida a estas aves acuáticas.

No *Gran Diccionario Xerais da Língua Galega* (2000), de varios autores, aparece **pelicano**, con acento esdrúxulo, (como galega e estándar), definida e identificada con *Pelecanus onocrotalus*.

O termo “**pelicano**” ten a súa orixe no latín *pelicanus* e no grego *pelekán*.

No tocante ao seu nome estándar, M. A. Conde Teira remarca que a acentuación grave (**pelicano**) é a etimolóxica (27).

Silverio Cerradelo
(Fotos: Álvaro R. Pomares)

Resume dos nomes revisados neste artigo

MASCATO *Morus bassanus*



CORVO MARIÑO GRANDE *Phalacrocorax carbo*

CORVO MARIÑO CRISTADO *Phalacrocorax aristotelis*

PELICANO BRANCO *Pelecanus onocrotalus*

OS NOSOS INSECTOS: *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761)

Trátase dun coleoptero das familia dos cetónidos e xunto con *Tropinota squalida* (Scopoli, 1783) e un dos representantes máis comúns desta familia en Galicia. É doado de mirar nas flores que adoita visitar para se alimentar do seu pole. Manifesta preferencia polas flores de coración marea da familia das compostas, sendo tamén común no interior de *Zantedeschia aethiopica* (L.), onde non é raro atopala con *T. squalida*, de aspecto similar e da que se pode distinguir doadamente por presentar dous dentes na arista exterior da tibia anterior, namentras que *T. squalida* ten tres.



Orde: Coleoptera
 Familia: Cetoniidae
 Especie: *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761)

Cobertura (%)	8,2
Datos non repetidos	30

A distribución coñecida da especie abrangue o subcontinente europeo ata o Caucaso e polo sur exténdese hacia a metade do deserto do Sahara. En Galicia e España atópase regularmente distribuída e a ausencia de máis datos débese á falta dunha prospección sistemática.

As datas extremas nas que o temos atopado en actividade van dende o 14 de marzo ó 23 de agosto, cun cumio de actividade que vai dende maio ata xuño como se reflicte na gráfica de fenoloxía.

En Galicia os rexistros de distribución por altitude van dende o nivel do mar ata os 807 metros.

Ameazas

Non se teñen detectado ameazas específicas, sendo a principal o abuso de insecticidas e biocidas, que lle afecta como ó resto da entomofauna.

Bibliografía

- Baguena Corella, L. 1967. Scarabaeoidea de la Fauna Ibero-Balear y Pirenaica. CSIC, Madrid. 576 pp.

Xosé Lois Rey Muñiz

EXPLICANDO AS CONTAS DA S.G.H.N.

A S.G.H.N. funciona a partires das cotas sociais que cada ano aportan os seus asociados.


Destas cotas, asignanse unha cantidade fixa ás Seccións (120,00 EURO) e o 33,33% das cotas ás Delegacións (cada Delegación ingresa en base ós socios que dependen dela).

Na realidade, nun ano que se publiquen dous **PASPALLÁS** e como a Tesourería Xeral asume os custes de emitir os recibos e as devolucións, cada Delegación recibe o equivalente ó 48% das cotas.

Cada área da S.G.H.N. confecciona o seu Balance anual (que se presenta na Asemblea de Socios) e despois son integrados nun único Balance Global, que é o balance anexo.

¿Como quedan repartidos os ingresos?

Cada área da SGHN ten autonomía para xestionar outros ingresos lícitos (subvencións, convenios, etc). Isto modifica os ingresos de cada área, e que repartido por áreas sería o seguinte. (No 2004 non existía a Delegación das Mariñas).



Tesourería Xeral 15,5%
 Deleg. Ferrol: 71,8% Deleg. Santiago 9,1%
 Deleg. Pontevedra 1,3% Deleg. Ourense 1,2%
 S. Entomoloxía 0,9% S. Ornitoloxía 0,3%

¿Como se explica a alta diferencia a favor da Delegación de Ferrol?

En Ferrol mantemos un Museo de Ciencias Naturais, aberto ó público e unha serie de actividades asociadas. Para desenvolver isto e manter o Museo están sinados varios convenios con administracións públicas, que permiten sostelo e pagar a dous empregados que se encargan das visitas e o seu mantemento diario.

A S.G.H.N., coa excepción do mantemento do Museo en Ferrol, é totalmente independente de subvencións, tendo unha independencia envexable e polo tanto allea a intereses de terceiros.

BALANCE GLOBAL S.G.H.N. 2004

Saldo a 31/XII/03		31.670,75
DEBE		
Cotas	13.463,25	
Donativos	1.012,14	
Outros	4.161,13	
Subvencións concellos	3.750,00	
Subvencións Xunta	0,00	
Subvencións outros	0,00	
Venda material	0,00	
Actividades	788,00	
Convenios	23.398,62	
Intereses c/c	16,38	
Total ingresos	46.589,52	46.589,52
Total entradas		78.260,27
HABER		
Devolución cotas	2.720,25	
Museo Ferrol	2.305,05	
Mobiliario	0,00	
Equipos procesos información	1.572,15	
Biblioteca	720,40	
Inventariable varios	566,85	
Outros inmovilizado material	304,90	
Publicacións - Paspallás	969,40	
Publicacións - BRAÑA	0,00	
Outras publicacións	268,80	
Suscripcións	154,75	
Arrendamentos e cánones	1.908,18	
Serv. de profesionais independentes	1.320,00	
Desprazamentos	638,65	
Seguros	383,92	
Correos	1.242,75	
Fotocopias	412,16	
Tfno/fax	2.494,46	
Suministros (auga, electricidade...)	2.486,08	
Material de Oficina	908,11	
Impostos	4.062,85	
Soldos e salarios	21.806,37	
Outros	2.057,10	
Gastos bancarios	696,55	
Prestacións de Servicios	1.322,40	
Total gastos	51.322,13	51.322,13
Saldo a 31/XII/04		26.938,14

* Detéctase una diferencia de 51,66 EUR de incremento entre o remanente declarado do ano 2003 e os datos aportados polas distintas tesourerías este ano 2004
 * O 71,8% do volume total corresponde á Delegación de Ferrol.
 O Tesoureiro Xeral

¿Como se aforra?

Trátase de optimizar os gastos, así ós socios cos que se ten máis contacto, entregánselle as circulares e Paspallás en man, buscase a fotocopia máis barata, tratamos de xuntar unha circular cun Paspallás, etc. Todo ten un límite, e cremos que, salvo temas moi puntuais, chegamos a un nivel de optimización do gasto bastante estricto, aínda que queda un tema pendente: Os gastos de emisión/devolución de recibos supoñen un 10% do Presuposto efectivo da Tesourería Xeral. **Existe un medio para reducir estes custes:** Podes dar aviso ó teu Banco/Caixa para que automaticamente envíe o cota cando ti queiras. Con cada socio que faga isto, aforramos un 5% da súa cota en gastos bancarios.

A Tesourería Xeral encárgase dos gastos e xestións do que é a Xunta Directiva Xeral, que inclúen as publicacións, campañas, sostemento do local en Santiago, así como o cobro e reparto das cotas.

BALANCE Tesourería Xeral 2004

	Saldo a 31/XII/03		3.348,12
<i>Conta contable</i>			
	DEBE		
101,1	Cotas	13.294,50	
102,2	Donativos	462,78	
102,3	Outros	381,00	
130,11	Subvencións concellos	0,00	
130,12	Subvencións Xunta	0,00	
130,13	Subvencións Outros	0,00	
705,1	Actividades	0,00	
759	Convenios	0,00	
761	Intereses c/c	6,80	
	Total ingresos	14.145,08	14.145,08
	Total entradas	17.493,20	
	HABER		
101,1	Museo Ferrol	120,00	
101,1	Transferencias Delegacións/Seccións	4.496,15	
101,1	Devolución cotas	2.720,25	
226	Mobiliario	0,00	
227	Equipos procesos información	93,15	
229,1	Biblioteca	0,00	
229,2	Inventariable varios	0,00	
229,3	Outros inmovilizado material	0,00	
350,1	Publicacións - Paspallás	969,40	
350,2	Publicacións - Braña	0,00	
350,3	Outras publicacións	0,00	
602	Suscripcións	139,00	
621	Arrendamentos e cánons	1.800,00	
623	Serv. de Profesionais Indep.	1.320,00	
624	Desprazamentos	0,00	
625	Seguros	0,00	
628,1	Correos	562,81	
628,2	Fotocopias	7,64	
628,3	Tfno/fax	214,53	
628,4	Suministros (auga, electricidade...)	295,05	
629	Material de Oficina	96,93	
631	Impostos	15,95	
640	Soldos e salarios	0,00	
659	Outros	531,70	
669	Gastos bancarios	612,48	
705	Prestacións de Servizos	0,00	
	Total gastos	13.995,04	13.995,04
	Saldo a 31/XII/04		3.498,16

¿Que se fixo cos cartos no 2004?

Os socios aportamos 10.574,25 EURO en cotas. Salvo a Delegación de Ferrol e Santiago, o resto de áreas funcionamos con eses cartos. Con esta cantidade desenvolvimos as actividades que podedes ver na páxina 2 deste **PASPALLÁS** e no desglose de actuacións dos **PASPALLÁS** deste ano. Todo é mellorable ¿pero cantas asociacións coñecedes que fagan tanto con este presuposto?.

¿Canto custa ter Delegacións e Seccións?

Supón arredor de 9,00 EURO ó ano, por gastos de transferencias bancarias. Pola experiencia de moitos anos é o mellor xeito de chegar ós socios e a aquilo sobre o que queremos traballar. Esta estrutura facilita que máis xente poida desenvolver as súas ideas sen perder o senso de S.G.H.N.

¿Chegan os cartos?

Neste intre, manter o local en Santiago e os gastos básicos de funcionamento, acaparan toda a capacidade económica, non podendo asumir mellorar as publicacións ou recuperar o **BRAÑA** ou os Voceiros, e iso sen contar cunha subida do aluguer ou dos gastos comúns.

Apuntes dos gastos/ingresos

Dos 13.294,52 EURO ingresados por cotas, tivemos que devolver ó banco 2.720,25 por non ser conformes (socios que se dan de baixa ou mudan de banco sen comunicalo, erros do banco ou nosos, ...)

A cota media no 2004 foi de 23,81 EURO, emitir un recibo supón 1,02 EURO (4,28%) e se é devolto pola entidade bancaria, outros 1,02 EURO.

O Presuposto Efectivo (Cotas-devolucións-gastos bancarios-transferencias) son 5.345,62 EURO

A emisión e devolución de recibos supoñen uns 600,00 EURO (7% do Presuposto Efectivo)

Imprimir e enviar un Paspallas (media) supón uns 657,23 EURO

Con 59 socios máis, teríamos garantida a publicación de tres **PASPALLÁS** ó ano

Con 363 socios máis, teríamos garantida a publicación de tres **PASPALLÁS** e un **BRAÑA** ó ano.

Xosé Lois Rey Muñiz

BALANCE DE ANELAMENTO CIENTÍFICO AÑO 2004

Actualmente o grupo consta de 5 aneladores que desenvolven a súa activade centrados en varias localidades galegas como : **A Estaca de Bares, Ferrolterra, A Illa de Arousa, Complexo Umia-Grove, Enseada de S.Simón, Xunqueira do Lagares, Nigrán-Ramalloza, Baixo Miño e A Serra da Enciña de Lastra.**

No ano 2004 superamos o numero de aves aneladas nos anteriores anos cun total de 1694 exemplares. O total acumulado ata o de agora é de 9598. Como especies salientables cabe destacar o anelamento dun exemplar xuvenil femia de **Pilro canelo (*T. subruficollis*)**, *limicola norteamericano accidental en europa* que constitúe o 2º anelamento para España. Foron especies novas para o grupo as seguintes: Pillara real (*C. hiaticula*), Pillara dourada (*P. apricaria*), Pilro bule-bule (*C. alba*), Virapedra (*A. Interpres*), Peto real (*D. major*), Anduriña do cu branco (*D. urbicum*), Pica das árbores (*A. Trivialis*), Fulepa unicolor (*L. luscinioides*), Papuxa paporrubia (*S. cantillans*), Picafollas de Bonelli (*P. bonelli*), Piquelo azul (*Sitta europaea*), Pega marza (*G. glandarius*).

Nesta campaña de 2004 seguiuase a anelar de forma sistemática e durante todo o ano no carrizal do Baixo Miño, onde destacan o elevado número de Fulepas das xunqueiras (*A. Scirpaceus*) anelados, así como outras aves. Tamén fixemos un pequeno esforzo na captura de límícolas, interesantísimo grupo de aves que pola súa dificultade non son obxecto prioritario en moitos aneladores. O resultado foi modesto pero razoable tendo en conta o esforzo. O número total foi de 52 límícolas de 8 especies distintas.

INFORME DAS RECUPERACIÓNS

No apartado de recuperacións de aves aneladas reflíctense os últimos datos proporcionados pola Oficina de Anelamento do Ministerio de Medio Ambiente. Cabe destacar as primeiras recuperacións de Paiño do mal tempo, unha estranxeira e dúas na península, dado o escaso número de aves aneladas (66); pero hai que ter en conta que se trata dunha das aves con índices de recuperación máis elevado, sobre todo polas súas recapturas en colonias de cría e ser unha ave de longa vida. Outra recuperación estranxeira foi producida por unha Fulepa das xunqueiras recuperada en Bélxica.



Hydrobates pelagicus

Exemplo

Nº anela	Idade	Sexo	Data de anelamento	Coordenadas	Lugar do anelamento	Lugar de recuperación	Km días
L228442	3	F	07.11.99	42.24N 08.48W	Sanxenxo (PO)	Sanxenxo (PO)	0Km 167 días
Remite	Modo	Data de recuperación	Coordenadas	Lugar de recuperación	Km días		
ICONA	C	22.04.00	42.24N 08.48W	Sanxenxo (PO)	0Km 167 días		

HYDROBATES PELAGICUS (Paiño do mal tempo)

T029855 4 06.06.04 43.19N08.36W Mañón. (C)
 ICONA C 09.07.05 50.09N05.41W Peenden Watch.Cornwall.UK. 791 Km.398 días

T029829 4 20.07.03 43.19N08.36W Mañón. (C)
 ICONA C 12.08.05 43.27N02.46W Bermeo.Vizcaya. 471 Km 754 días

T029848 4 24.07.03 43.19N08.36W Mañón. (C)
 ICONA C 15.07.05 43.27N02.46W Bermeo.Vizcaya. 471 Km 722 días



Material básico de anelamento

PHALACROCORAX ARISTOTELIS (Corvo mariño cristado)

9038264 1 20.06.02 42.13N08.54W Illas Cíes (PO)
 ICONA X 06.04.04 42.13N08.45W Illas Cíes (PO). 12Km 656 días

9022468 1 10.06.01 42.13N08.54W Illas Cíes (PO)
 ICONA X 22.02.05 43.21N08.15W Punta Arnela, Sada (C). 137 Km 1353 días

9038327 1 24.04.04 42.53N09.10W Carnota (C)
 ICONA X 17.01.05 42.13N08.45W Vigo (PO). 82 Km Días



Peto verdeal (*Picus viridis*)

LARUS CACHINNANS (Gaiyota patiamarela)

6107216 1 29.06.99 43.22N08.50W Illas Sisargas. Malpica (C)
 ICONA C 20.10.04 42.16N08.47W Punta Balea. Cangas (PO) 122 Km1940 días

6028382	1	10.07.88	43.22N 08.50W	Illas Sisargas. Malpica (C)
ICONA	C	18.06.04	43.22N 08.50W	Illas Sisargas. Malpica (C) 0Km 5822 días
6089834	8	F 08.05.98	42.13N 08.54W	Illas Cíes (PO)
ICONA	C	13.08.04	42.16N 08.47W	P. Balea, Cangas (PO). 11Km 2289 días
6107495	1	13.07.99	42.23N 08.53W	Illas Ons (PO)
ICONA	X	31.03.05	38.36N 09.00W	Palmela. Setúbal (Portugal) 4 Km 2088 días
6089817	8	F 21.04.98	42.13N 08.54W	Illas Cíes (PO)
ICONA	C	20.03.05	42.16N 08.47W	Praia de Barra, Cangas (PO). 6 Km 2525 días

TURDUS MERULA (Merlo común)

3076565	3M	24.09.02	42.25N 08.49W	Sanxenxo (PO)
ICONA	C	02.05.03	42.25N 08.49W	Sanxenxo (PO). 0 Km 220 días

ACROCEPHALUS SCIRPACEUS (Fulepa dos carrizos)

L359343	3	29.09.01	43.19N 08.36W	Mañón. (C)
ICONA	C	24.08.02	50.25N 06.02W	Malmedy. Luyk. Belxica 1359 Kms. 329 días

CARDUELIS CHLORIS (Verderolo común)

2757396	4M	07.11.99	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	26.03.03	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 1235 días

2757396	4M	07.11.99	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	08.04.00	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 153 días

2A007005	4M	12.10.02	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	19.05.03	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 219 días

2896985	4M	29.09.02	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	26.03.03	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 178 días

2896991	4M	12.10.02	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	26.03.03	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 165 días

28969962	H	12.10.02	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	26.03.03	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 165 días

CARDUELIS CARDUELIS (Xilgato)

L228473	3	13.08.00	41.33N 08.52W	Illa de Arousa (PO)
ICONA	C	13.10.03	41.33N 08.52W	Illa de Arousa (PO). 0 Km 1156 días

CARDUELIS CANABINA (Pardillo común)

626996	4M	13.12.98	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO)
ICONA	C	06.04.03	42.25N 08.49W	Rouxique. Sanxenxo (PO). 0 Km 845 días

EMBERIZA SCHOENICLUS (Escribenta das canaveiras)

L701566	4M	23.08.03	43.13N 09.01W	Lagoa de Traba. Laxe (C)
ICONA	C	16.06.05	43.13N 09.01W	Lagoa de Traba. Laxe (C). 0 Km 666 días

L701573	4H	24.08.03	43.13N 09.01W	Lagoa de Traba. Laxe (C)
ICONA	C	16.06.05	43.13N 09.01W	Lagoa de Traba. Laxe (C). 0 Km 665 días

Abreviaturas

1: ave anelada como polo
 2: ave de idade exacta descoñecida
 3: ave nacida o presente ano
 4: ave de alomenos 1 ano, pero idade exacta descoñecida
 5: ave nacida o ano anterior
 6: ave de alomenos 2 anos, pero idade exacta descoñecida
 7: ave nacida hai 2 anos
 8: ave de alomenos 3 anos, pero idade exacta descoñecida
 etc.

X: ave atopada morta
 C: ave controlada viva (por anelador, anela lida con telescopio, etc.)

M: macho
 F: femia



Tryngites subruficollis



Ferreiroño subeliño (*Aegithalus caudatus*)

AVES ANELADAS RECUPERADAS POLA S.G.H.N.

ACROCEPHALUS SCIRPACEUS (Fulepa dos carrizos)

A 163575	3	06.08.00	41.52N 08.50W	Paul de Coura. Camina. Portugal
CEMPA	C	15.05.04	41.53N 08.51W	Salcidos. A Guarda. (PO) 2 Km 1378 días

Texto: Francisco Docampo, Fotos: Francisco Docampo e Carlos Rey Raño





BALANCE DE ANELAMENTO CIENTÍFICO AÑO 2004

Nas táboas seguintes móstrase o balance total de anelamentos por especies do período 1994-2004. Lévanse aneladas 105 especies dun total de 9.598 aves, entre elas a máis anelada é a Gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*) (2308) seguida do Corvo mariño (*Phalacrocorax aristotelis*) (1618), Verderolo (*Carduelis chloris*) (658), Pardal (*Passer domesticus*) (408) e, ascendendo moitos postos, a Fulepa das xunqueiras (*Acrocephalus scirpaceus*) (389).









ESPECIE	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	TOTAL
<i>Cisticola juncidis</i> (Picaxuncos)	3	6	1		5	7	10		5	7	12	56
<i>Cettia cetti</i> (Reiseñor da auga)			1	6	3	3	4	3	11	23	24	78
<i>Acrocephalus schoenobaenus</i> (Fulepa das xunqueiras)						6	3	9	12	3	23	56
<i>Acrocephalus scirpaceus</i> (Fulepa dos carrizos)			2	4	2	24	10	20	18	51	258	389
<i>Hippolais polyglotta</i> (Fulepa amarela)	6	6	3	4	5	12	15	1	8	2	3	65
<i>Sylvia undata</i> (Papuxa montesa)	1	2	1		1	3	4	1	1	1	3	18
<i>Sylvia cantillans</i> (Papuxa paporrubia)											5	5
<i>S. melanocephala</i> (Papuxa cabecinegra)	5	3	1	8	5	7	3	1	3	7	14	57
<i>S. communis</i> (Papuxa común)	1		1			1	2	4	5	5	4	23
<i>S. borin</i> (Papuxa apardada)									1	1	3	5
<i>S. atricapilla</i> (Papuxa das amoras)	7	11	11	13	15	24	9	11	13	24	17	155
<i>Phylloscopus bonelli</i> (picafollas de Bonelli)											1	1
<i>Phylloscopus collybita</i> (Picafollas común)	19	2	9	31	15	41	7	53	13	30	90	310
<i>P. brehmii</i> (Picafollas ibérico)									5			5
<i>P. trochilus</i> (Picafollas cantor)			5	6	4	16	7	5	22	34	18	117
<i>Regulus ignicapillus</i> (Estreliña riscada)	1	1	1	6		3		1	2	4	1	20
<i>Muscicapa striata</i> (Papamoscas gris)									1	2		3
<i>Ficedula hypoleuca</i> (Papamoscas negro)	1	1		5	1		8		19	5	7	47
<i>Aeghitalos caudatus</i> (Ferreiriño subeliño)	5	5	4		9	8	2	2	5	4	6	50
<i>Parus cristatus</i> (Ferreiriño cristado)			1								1	2
<i>P. ater</i> (Ferreiriño común)	1	3	3	1	1	9	4	2	11	3	3	41
<i>P. caeruleus</i> (Ferreiro bacachís)		1	1	3	1	2	6	2	2	5	24	47
<i>P. major</i> (Ferreiro abelleiro)		2	2	2	6	17	3	4	10	13	15	74
<i>Sitta europaea</i> (Piquelo azul)											1	1
<i>Certhia brachydactyla</i> (Gabeador común)					1	1					5	7
<i>Garrulus glandarius</i> (Pega marza)											1	1
<i>Pica pica</i> (Pega rabilonga)	1					2	1					4
<i>Sturnus vulgaris</i> (Estorniño pinto)	2											2
<i>S. unicolor</i> (Estorniño negro)	2	2			2	14	4		2		1	27
<i>Passer domesticus</i> (Pardal común)	24	4	1	20	113	109	35	2	23	54	23	408
<i>P. montanus</i> (Pardal oreleiro)	5	7	4	15	42	46	2	15	11	20	9	176
<i>Ploceus melanocephalus</i> (Tecedor cabecinegro)											1	1
<i>Quelea quelea</i> (Quelea)											1	1
<i>Euplectes afer</i> (Tecedor napoleón)										1	1	2
<i>Estrilda astrild</i> (Bico de coral)					1					22	138	161
<i>Lonchura atricapilla</i> (Capuchino castaño)											1	1
<i>Fringilla coelebs</i> (Pimpín común)	3		1	1	3	7	1	9	4	5	5	39
<i>F. montifringilla</i> (Pimpín real)			1					4				5
<i>Serinus serinus</i> (Xirín)	6	3	3	12	25	33	5	11	34	20	18	170
<i>Carduelis chloris</i> (Verderolo común)	42	19	15	14	154	185	40	15	46	32	96	658
<i>C. carduelis</i> (Xilgaro)	2				4	14	10			6	31	67
<i>C. spinus</i> (Uvalo)								4		2		6
<i>C. cannabina</i> (Liñaceiro común)	25	6	15	50	69	52	1	3		36	9	266
<i>Pyrrhula pyrrhula</i> (Paporrubio real)		4	3			2	6		1	2	1	19
<i>Emberiza cirulus</i> (Escribenta liñaceira)	3		3	2	2	2	1	11			1	25
<i>E. cia</i> (Escribenta riscada)	4		16	1	3	1	1	6				32
<i>E. schoeniclus</i> (Escribenta das canaveiras)	3		5	8	16	15	2		1	34	25	109

ESPECIE	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	TOTAL
<i>Hydrobates pelagicus</i> (Paiño do mal tempo)			3							53	10	66
<i>Phalacrocorax aristotelis</i> (Corvo mariño)	284	570	314	113				104	44	6	183	1618
<i>Anas platyrhynchos</i> (Alavanco real)		1										1
<i>Coturnix coturnix</i> (Paspallás)				1								1
<i>Rallus aquaticus</i> (Rascón de auga)									1			1
<i>Charadrius hiaticula</i> (Pillara real)											7	7
<i>Charadrius alexandrinus</i> (Pillara papuda)	3											3
<i>Pluvialis apricaria</i> (Pillara dourada)											1	1
<i>Pluvialis squatarola</i> (Pillara cincenta)	3											3
<i>Calidris canutus</i> (Pilro groso)	1											1
<i>C. alba</i> (Pilro bulebule)											5	5
<i>C. alpina</i> (Pilro curlibico)	19	22				2	1		4		16	64
<i>Tryngites subruficollis</i> (Pilro canelo)											1	1
<i>Philomachus pugnax</i> (Liorteiro)	1											1
<i>Gallinago gallinago</i> (Becacina cabra)	2											2
<i>Limosa limosa</i> (Mazarico rabinegro)	3											3
<i>L. lapponica</i> (Mazarico rabipinto)	1											1
<i>Numenius arquata</i> (Mazarico curlí)	2											2
<i>Tringa totanus</i> (Bilurico común)	8	2									1	11
<i>T. nebularia</i> (Bilurico pativerde)	4											4
<i>Actitis hypoleucos</i> (Bilurico bailón)	23	9									17	49
<i>Arenaria interpres</i> (Virapedras)											4	4
<i>Larus cachinnans michahellis</i> (Gaivota patiamarela)	761	7	443	226	138	500			4	9	220	2308
<i>Columba palumbus</i> (Pombo)						1						1
<i>S. decaocto</i> (Rula turca)		14			2							16
<i>Streptopelia turtur</i> (Rula común)	2	1	1		4	1	3				1	13
<i>Athene noctua</i> (Moucho común)									1			1
<i>Caprimulgus europaeus</i> (Avenoiteira cincenta)	2	2			1		1		2			8
<i>Apus apus</i> (Vencello común)			1			2			2			5
<i>Alcedo atthis</i> (Picapeixe)					5	3	3		2	2	2	17
<i>Jinx torquilla</i> (Peto formigueiro)						2		1		1		4
<i>Picus viridis</i> (Peto verdeal)	2	1			7	2		1			3	16
<i>Dendrocopos major</i> (Peto real)											2	2
<i>Galerida cristata</i> (Cotovía dos camiños)					1							1
<i>Alauda arvensis</i> (Alberca)				1								1
<i>Riparia riparia</i> (Anduriña das barreiras)									20		3	23
<i>Hirundo rustica</i> (Anduriña común)	1						6		1	105	129	242
<i>Delichon urbica</i> (Anduriña do cu branco)											1	1
<i>Anthus trivialis</i> (Pica das arbores)											1	1
<i>Anthus pratensis</i> (Pica dos prados)	1		1	6	4	17		2			4	35
<i>Motacilla flava</i> (Lavandeira verdeal)	3	1	1		6	6	5		1	2	1	26
<i>Motacilla cinerea</i> (Lavandeira real)								1			1	2
<i>M. alba</i> (L. branca)			1					2			3	6
<i>Troglodytes troglodytes</i> (Carrizo)	9	12		16	13	24	19	13	18	17	20	161
<i>Prunella modularis</i> (Azulenta común)	5	5	6	10	31	15	14	15	16	14	18	149
<i>Erithacus rubecula</i> (Paporrubio)	20	14	10	39	39	31	22	48	29	39	80	371
<i>Luscinia megarhynchos</i> (Reiseñor común)		1					3			4		8
<i>Luscinia svecica</i> (Papoazul)						1				5	5	11
<i>Phoenicurus ochrurus</i> (Rabirrubio tizón)		1	4		4	3		2			2	16
<i>Phoenicurus phoenicurus</i> (Rabirrubio real)						1	1					2
<i>Saxicola rubetra</i> (Chasco rabipinto)						1		1	6	4	1	13
<i>Saxicola torquata</i> (Chasco común)	17	13	9	9	16	44	17	7	12	16	23	183
<i>Oenanthe oenanthe</i> (Pedreiro cincento)							1					1
<i>Turdus merula</i> (Merlo común)	14	21	10	16	43	44	25	11	23	19	22	248
<i>T. philomelos</i> (Tordo galego)	2	1	2	2	5	4	1	4	1	9	2	33
<i>T. iliacus</i> (Tordo malvis)			1							3		4
<i>Locustella naevia</i> (Fulepa pintada)						1				2	3	6
<i>Locustella luscinioides</i> (Fulepa unicolor)											2	2
TOTAL (105 especies)	1365	786	921	651	827	1371	328	411	476	768	1694	9598

DIFERENCIACIÓN DAS *Podarcis* CONFLICTIVAS

	<i>Podarcis bocagei</i>	<i>Podarcis hispanica</i>
Cabeza	<p>En vista lateral cae de forma brusca da fronte ó fuciño, coas órbitas oculares sobresaíndo moderadamente. Placa masetérica sempre ben diferenciada.</p> 	<p>En vista lateral parece aplastada, coas órbitas oculares sobresaíndo claramente. Masetérica, as veces, indiferenciada do resto das placas.</p> 
Fuciño	Redondeado.	Algo aguzado.
Zona gular	Moi punteada de negro en toda a súa superficie.	Con escasos puntos e situados nos laterais.
Poros femorais	14-22.	10-24.
Laminillas subdixitais	16-31.	20-31.
Cor ventral	A menudo marela ou laranxada; sen manchas azuis nas escamas ventrais externas.	Xeralmente branca ou rosada; poden aparecer manchas azuis, brancas ou negras nas escamas ventrais externas.
Deseño dorsal		

DIFERENCIACIÓN DAS *Psammodromus* CONFLICTIVAS

	<i>Psammodromus algirus</i>	<i>Psammodromus hispanicus</i>
Colar	Completamente ausente 	Pouco marcado aínda que presente, formado por 6-10 escamas. 
Escamas laterais do pescozo	Grandes e carenadas. 	Pequenas e granulares. 
Tamaño	Grande: 60-70 mm. de lonxitude cabeza+corpo.	Pequena: 40-50 mm. de lonxitude cabeza+corpo.
Cola	2,2 a 2,7 veces a lonxitude cabeza+corpo.	1,5 a 2,0 veces a lonxitude cabeza+corpo.
Poros femorais	13-21. 	9-14. 
Deseño dorsal	2 liñas lonxitudinais cremas ou brancas, non existentes nos machos maiores. 	4 liñas lonxitudinais marelentas ou verdosas, habitualmente interrompidas por manchas pardas, especialmente as dúas centrais. 
Coración	Patas e nacemento da cola de cor vermello, especialmente en exemplares novos; machos en celo cos laterais da cabeza de cor vermello.	Moisés Asensi Cabirta

TABOLEIRO DE NOVAS

Costas empeza a derrubar obras ilegais

Durante o mes de novembro, a Xefatura Provincial de Costas en Pontevedra (Ministerio de Medio Ambiente) declarou que actuará con mano dura contra os infractores.

Con data 9/11/05 procederon a derrubar un quisco situado nun frente dunar entre A Lanzada e San Vicente do Mar (Ogrobe).

FARO DE VIGO. 10/11/05
Páxina 13.

ATLAS DE RADIACIÓN SOLAR DE GALICIA

Editado por Manuel Vázquez Vázquez Director do Grupo de Investigación de Enerxía Solar e Refrixeración da Universidade de Vigo.

Recolle, entre outros elementos, a cartografía galega das radiacións solares medias, tanto a media anual como as mensuais.

A importancia da Biodiversidade

Un equipo de investigadores suízos, detectou nunha cianobacteria, Nostoc 78-12A, unha sustancia denominada nostocarbolina que en laboratorio neutraliza a enzima colínerasa, responsable en parte da activación do Alzheimer.

Esta cianobacteria foi detectada en augas residuais de Estados Unidos.

Esta sustancia abre moitas posibilidades de investigación, e no caso de poder desenvolver algún medicamento que sexa efectivo contra o Alzheimer, pasarán varios anos.

FARO DE VIGO. 06/01/06
Páxina 33.

Novo mercado para aparatos eléctricos e electrónicos

O pasado 13 de agosto entrou en vigor o Real Decreto 208/2005 que transpón a Directiva 2002/96/CE.

Isto obriga a que os equipos eléctricos e electrónicos que se poñan á venda a partir desta data, deberán estar marcados conforme á norma europea EN 50419:2005.

Esta Norma esixe principalmente dous requisitos

- a) Identificación única do produtor.
- b) Identificación da data de posta no mercado.

A Directiva ten por obxectivo previr a xeración de residuos eléctricos e electrónicos e a reutilización, reciclado e valorización dos residuos co fin de reducir a súa eliminación.

AENOR INFORMA, 12/2005
Páxina 7.

¿ONDE ESTÁN OS NÓSOS GOBERNANTES? ¿É ESTE O PLAN GALICIA?

A Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA en inglés) non contratou ningún buque anticontaminación para as costas galegas porque non contou co apoio da iniciativa privada española e portuguesa para cofinanciar a operación.

Esta é a versión dada polo xefe da Unidade de Loita contra a Contaminación da EMSA, Leendert Bal, para explicar por qué Galicia quedou ó marxe do plan que a axencia elaborou trala catástrofe do *Prestige*. «Galicia é unha prioridade, pero os nosos recursos son escasos e necesitamos o apoio financeiro da industria local».

EMSA contratou os servizos de sete barcos anticontaminación por un valor de 18,6 millóns de euros, e situounos nas zonas onde conseguiu a implicación da iniciativa privada. Cinco desas embarcacións estarán no mar Báltico, outra no Mediterráneo e outra na Bretaña francesa, que cubrirá o litoral comprendido entre a canle da Mancha e o estreito de Gibraltar. Galicia, que sufriu algunhas das peores catástrofes marítimas da historia de Europa, non terá un buque con base permanente.

“O *Prestige* fíxonos ver que as ferramentas que tiñamos para a loita contra os vertidos eran insuficientes. Siguen a selo, pero só por unha cuestión de cartos”

EMSA pediu o pasado dous de nadal ós gobernos español e portugués «que se impliquen» na tarefa de atopar socios financeiros para que a axencia poida contratar un buque anticontaminación con sede permanente en Galicia.

«Non descartamos que o ano que ven Galicia poda contar cun barco, pero necesitamos que as autoridades españolas e portuguesas nos axuden a lograr o apoio financeiro das empresas locais», suliñou Leendert Bal, quen se mostrou comprensivo coas reclamacións galegas: «Podo imaxinar a indignación que produciu a nova en Galicia, pero non é culpa nosa», dixo o xefe da Unidade de Loita contra a Contaminación.

LA VOZ DE GALICIA. 03/12/05

PUBLICACIÓNS DA SGHN

BRAÑA Boletín científico da Sociedade Galega de Historia Natural

Ref.01.001	Ano 1977.Nº1-2	208 pp.	24x17 cm	ESGOTADO	
Ref.01.002	Ano 1978.Nº1	132 pp.	24x16 cm	3,00 EURO	
Ref.01.003	Ano 1978.Nº2	140 pp.	24x16 cm	3,00 EURO	
Ref.01.003	Ano 1979.Nº1	124 pp.	22x16 cm	3,00 EURO	
Ref.01.005	Ano 1979.Nº2	134 pp.	22x16 cm	3,00 EURO	
Ref.01.006	Ano 1980.Nº1-2	216 pp.	21x15 cm	3,00 EURO	
Ref.01.007	Ano 1985.Nº1-2 (Actas 1ª Xornadas Ibéricas sobre Mamíferos Mariños)	136 pp.	24x17 cm	3,00 EURO	
Ref.01.008	Ano 1989 (Actas 1º Congreso de Macromicología Galaico-Lusa)	200 pp.	22x15 cm	6,00 EURO	
Ref.01.009	Ano 1994.Nº1	101 pp.	21x15 cm	9,00 EURO	Socios 6,00 E
Ref.01.010	Ano 1996.Nº1	99 pp.	21x15 cm	9,00 EURO	Socios 6,00 E
Ref.01.011	Ano 2000.Nº1	82 pp.	30x21 cm	9,00 EURO	Socios 6,00 E

(Invernada de aves acuáticas en Galicia durante o quinquenio 1996-2000. Censos da S.G.H.N. e análise dos resultados)

VOCEIROS DE DIVULGACION

Ref.02.001	"O Asunto Nuclear"(1978) González Gurriarán	20 pp.	24x17 cm	ESGOTADO	
Ref.02.002	"As baleas cara á extinción"(1980).Piñeiro, Penas & Durán	44 pp.	24x17 cm	ESGOTADO	
Ref.02.003	"Os incendios nos montes"(1983) Cortizo Amaro	39 pp.	24x17 cm	ESGOTADO	
Ref.02.004	"O Lobo" (1985) Penas Patiño, X.M.	40 pp.	22x16 cm	ESGOTADO	
Ref.02.005	"Os Macizos montañosos Ourensáns" (1985) Rguez Gracia	80 pp.	20x15 cm	ESGOTADO	
Ref.02.006	"Avance Programa Esenga 1985-88" (1992)	30 pp.	21x15 cm	2,50 EURO	Socios 1,50 EURO
Ref.02.007	"Incendios forestais 1990"		30x21 cm	5,00 EURO	Socios 4,00 EURO
Ref.02.008	"Consideracións e propostas para a reestructuración medioambiental do e Istmo da Lanzada (Pontevedra) (1994) Rey Muñiz, X.L.	80 pp.	30x21 cm	5,00 EURO	Socios 4,00 EURO

ROUTEIROS NATURAIS

Ref.03.001	"A Frouxeira" 1ª Edición (1977)	20 pp.	24x17 cm	1,00 EURO	
Ref.03.002	"10 sitios de interés natural do Ferrol" (1984)	24 pp.	22x16 cm	ESGOTADO	
Ref.03.003	"A Frouxeira" 2ª Edición (1985)	30 pp.	21x9 cm	2,50 EURO	
Ref.03.004	"Corrubedo" (1987)	45 pp.	22x15 cm	ESGOTADO	
Ref.03.005	"Doniños" (1990)	32 pp.	21x15 cm	4,00 EURO	
Ref.03.006	"Rutas de Senderismo-Ribera Sagrada"	14 pp.	21x17 cm	ESGOTADO	
Ref.03.007	"Monte de San Xurxo-Ferrol" (2001)	34 pp.	21x10 cm	ESGOTADO	

MICOLOXIA

Ref.04.001	"Introducción a la Micología"(1986) 1ª Edición	10 pp.	21x16 cm	ESGOTADO	
Ref.04.002	"Introducción á Micología"(1987) 2ª Edición	26 pp.	21x16 cm	1,00 EURO	
Ref.04.003	"Introducción á Micología II"(1988)	20 pp.	21x16 cm	ESGOTADO	
Ref.04.004	"Hª da Macromicología de Galicia"(1986)1ª Edición	48 pp.	22x16 cm	ESGOTADO	
Ref.04.005	"Hª da Macromicología de Galicia"(1987)2ª Edición	48 pp.	21x15 cm	ESGOTADO	
Ref.04.006	"Apéndice 1º:Hª da Macromicología"(1988)	17 pp.	22x16 cm	ESGOTADO	

OUTROS

Ref.06.001	Video Arao Ibérico (Campaña de protección)Dispoñible en Galego/castelán.			13,00 EURO	
Ref.06.002	"Manual de Ornitología"			ESGOTADO	
Ref.06.003	Video Sobrado dos Monxes			ESGOTADO	
Ref.06.004	Video Mamíferos Mariños			ESGOTADO	
Ref.06.005	Cartel "macho <i>Saxicola torquata</i> "		54x44 cm	3,00 EURO	
Ref.06.007	Ano 1991 Programa arao	78 pp.	21x15 cm	ESGOTADO	
Ref.06.008	Ano 1995 Atlas de Vertebrados de Galicia 2 Tomos	642 pp.	24x17 cm	24,00 EURO socios	18,00 EURO
Ref.06.009	Ano 2003 Actas V Congreso Galego de Ornitología	182 pp.	24x17 cm	18,00 EURO socios	9,00 EURO

PASPALLÁS (números 1, 2, 3 esgotados) nº 4 ó 30: 1,50 EURO exemplar; nº 31 ó 38: 2,00 EURO por exemplar

¡FAITE SOCIO! ¡Apoia a labor da SGHN en defensa da Natureza Galega!

Cubre e envía unha fotocopia desta ficha ó apdo. nº 330, C.P. 15780 de Santiago de Compostela. Se domicilias o pago dos recibos, entrega unha copia no teu Banco / Caixa de Aforros.

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI: _____ Data de nacemento*: _____

No caso de socios familiares indicar o nome da segunda persoa.

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI: _____ Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____ Código Postal: _____ Provincia: _____

Correo electrónico: _____

Área/s de interese: Ornitoloxía Entomoloxía Herpetoloxía
 Anelamento de Aves Outras: _____

Categoría de Socio (riscar no :)

Xuvenil (ata 18 anos) 13,50 EURO ano Estudiante (ata 25 anos) 20,25 EUROano

Numerario 27,00 EURO ano Familiar** (dúas persoas no mesmo domicilio) 40,50 EURO ano

Protector (aboar dunha soa vez o equivalente a 50 cotas de numerario) 1350,00 EURO ano

PAGO DAS COTAS:

- **A mellor opción é que indiques ó teu Banco/Caixa que realice un ingreso automático na nosa conta na data do 1º trimestre anual que queiras (solicítanos o nº de conta), xa que así aforramos os costes de emisión de recibo, que pode chegar a ser o 5% da cota. (lémbrete de informarnos desta opción e a data elixida).**

- A segunda opción é a domiciliación bancaria, para elo cumprimenta os datos que se piden a continuación.

- Son posibles outras opcións como o Xiro Postal ou a entrega en man, pero as desaconsellamos.

Sr. Director do Banco/Caixa: _____

Sucursal nº _____ en (localidade) _____

Prégolle que admita os recibos que no sucesivo lle remita ó meu nome a Sociedade Galega de Historia Natural e os cargue a miña conta nº _____ ***

Atentamente.

Sinatura _____ Data: _____

A S.G.H.N. usará estes datos exclusivamente para os propios fins organizativos e cumprindo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Nadal, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Estes datos non serán transmitidos a terceiros salvo nos casos imprescindibles por obriga legal ou funcionamento interno. Dacordo coa Lei, poderá exercer dos dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, mediante escrito á S.G.H.N.

* Imprescindible indicar a data de nacemento ó estar limitadas algunhas categorías de socios pola idade.

** Indicar o nome, idade e DNI das dúas persoas

*** Por favor, indicar os vinte díxitos do código da conta.

O ser humano depende da natureza para sobrevivir, e a natureza pola súa banda depende do ser humano. Un e outro terán que atopar o xeito de convivir no planeta Terra, ou a vida desaparecerá del.

Raymond R. Dassmann

"Wildlife and Ecosystems" en Wildlife and America

Boletín divulgativo da

Sociedade Galega de Historia Natural

Apdo. nº 330 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

www.sghn.org e-mail: sghn@sghn.org